

CPI AURELIO MARCELINO REY GARCÍA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

3º ESO

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
1.1	Departamento.....	4
1.2	Normativa.....	4
1.3	Contextualización.....	5
1.3.1	O centro.....	5
1.3.2	O alumnado.....	6
2	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
2.1	As competencias clave na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual.	6
2.2	Perfil de área.....	7
3	OBXECTIVOS.....	9
3.1	Obxectivos xerais.....	9
3.2	Concreción dos obxectivos para o curso.....	11
4	CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR.....	13
4.1	Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave por estándar... ..	13
5	CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	22
5.1	Adaptacións metodolóxicas para un ensino semipresencial.....	22
5.2	Adaptacións metodolóxicas para un ensino non presencial.....	23
5.3	Materiais e recursos didácticos.....	23
5.4	Espazos.....	24
6	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	24
6.1	Procedementos e instrumentos de avaliación.....	25
6.2	Avaliación final.....	26
6.3	Avaliación extraordinaria.....	26
7	AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.....	26



7.1	Indicadores de logro do proceso de ensino.....	26
7.2	Indicadores de logro da práctica docente.....	27
8	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	27
9	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	28
10	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	28
10.1	Medidas ordinarias.....	28
10.2	Medidas extraordinarias.....	29
10.3	Actividades de reforzo e ampliación.....	29
10.4	Modelo do Plan de Reforzo.....	29
11	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	30
11.1	Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.....	30
11.2	Comunicación audiovisual.....	31
11.3	Tecnoloxías da información e da comunicación.....	31
11.4	Emprendemento.....	31
11.5	Educación cívica.....	32
11.6	Prevención da violencia.....	32
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	33
13	APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO.....	33
13.1	Proxecto de centro.....	33
13.2	Proxecto lector.....	33
14	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	34



1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1 Departamento.

O Departamento de Debuxo está integrado por M^a Hortensia Fernández Torre que imparte as seguintes materias:

- Ámbito Socio-Artístico en 1º da ESO.
- Educación Plástica Visual e Audiovisual en 3º e 4º da ESO.
- Paisaxe e Sustentabilidade en 1º e 2º da ESO.

1.2 Normativa.

Para a elaboración desta programación tiveronse en conta os seguintes documentos:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/2022.

1.3 Contextualización.

1.3.1 O centro.

O CPI Aurelio Marcelino Rey García foi creado segundo a Lei xeral de educación de 1970 para impartir Ensinanza Xeral Básica (EXB). Nun principio, o centro estaba dividido en dous edificios (un deles estaba na praza da feira), en cuxas instalacións se impartía a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB mentres que no centro da rúa da Palma, impartíanse o resto dos niveis (Ciclo Medio e Ciclo Superior). Coa entrada en vigor da LOXSE e a ampliación da escolaridade obrigatoria ata os 16 anos, o centro experimentou unha ampliación para acoller a todas as etapas do ensino obrigatorio básico e produciuse a unificación no mesmo centro de todas as etapas que se imparten actualmente. O Decreto 7/1999 creou os CPI, pasando desde entón a denominarse CPI Aurelio Marcelino Rey García. O centro está situado na rúa José M^a Lastra no centro do Concello de Cuntis. Neste curso 2021-2022 o centro conta con 4 aulas de Educación Infantil, 11 de Educación Primaria e 7 de Educación Secundaria Obrigatoria que conforman un total de 362 alumnos e alumnas.

O noso centro conta con 43 profesores e profesoras, a maior parte con destino definitivo no centro. Así mesmo, hai un administrativo, un conserxe (que depende administrativamente do Concello de Cuntis), catro persoas encargadas da limpeza (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría), catro persoas encargas de servir no comedor (traballadoras por conta allea, froito da contrata feita pola Consellaría).

O alumnado do centro procede tanto das aldeas do municipio como do núcleo urbano do Baño.

O alumnado que acode a este centro é de extracción socio-económica media e baixa. Hai varios casos de familias moi desfavorecidas, da maioría das cales provén un alumnado con serias dificultades de aprendizaxe, tamén temos alumnado procedente de familias que contan coa axuda e supervisión dos servizos sociais do concello que, xunto cos anteriores, conforman a maior parte do alumnado con déficit de éxito escolar. O alumnado de procedencia estranxeira é escaso, mais o que hai intégrase con relativa facilidade.

A lingua de relación e uso diario é maioritariamente o galego aínda que se ten detectado no Plan lingüístico un aumento do uso inicial do castelán nos primeiros grupos de Educación Infantil.



A ANPA mantén unha relación estreita coa vida do Centro, tanto á hora de participar activamente nas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas, como á hora de canalizar as propostas e reclamacións das nais e pais. Desde hai varios cursos cedeulle á Xunta de Galicia a xestión do comedor do centro polo que o equipo directivo do centro asumiu o desenvolvemento da súa xestión.

1.3.2 O alumnado.

O nº de alumnos/as que cursa a materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual no nivel de 3º ESO é de 24 alumnos/as.

2 CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

2.1 As competencias clave na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual.

O carácter integrador dunha materia como a Educación Plástica e Visual fai posible que o seu proceso de ensinanza/aprendizaxe permita contribuír activamente ó desenrolo das competencias básicas da Educación Obrigatoria.

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a **conciencia e expresións culturais**. Esta materia proporciona unha serie de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos. Isto implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación. Dende as primeiras aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias como as dos demais. Dende as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

A materia facilita tamén o desenrolo das **competencias sociais e cívicas**. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias para traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais. A expresión plástica e visual se emocións e vivencias relacionadas cos dereitos e liberdades cívicas pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de grande valor formativo dende unha

perspectiva social, afectiva e moral.

A **competencia dixital** se ve enormemente favorecida polos traballos propios da materia; esta competencia se impulsará con tarefas que pode ir dende a análise de mensaxes do entorno audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos específicos para expresar e crear.

A Educación Plástica e Visual esixe e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipóteses, observar, experimentar, descubrir, analizar, reflexionar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara aspectos relacionados coa conservación, coidado e reciclaxe de materiais para configurar unha obra persoal. A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo, a través dos contidos de xeometría e da representación das formas. Todo elo implica unha relación clara coas **competencia en matemáticas básicas e ciencia e tecnoloxía, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, que implican aprender a trazar proxectos, a facer funcionais os recursos, a valorar as posibilidades, anticipar resultados e avalialos.

Finalmente, a **competencia en comunicación lingüística** relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e a creación dunha obra plástica e visual levan consigo; así mesmo fai posible a comunicación na aula a hora de transmitir mensaxes vinculados a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é tamén esencial; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, pintura, escultura...). axudará aos alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio persoal.

2.2 Perfil de área.

CCL	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB 1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. • EPVAB 2.4.1. Distingue significante e significado nun signo visual. • EPVAB 2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. • EPVAB 2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados. • EPVAB 2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas. • EPVAB 3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares
-----	--

	xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado. • EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. • EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior. • EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros. • EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas. • EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.
CSC	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. • EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas. • EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. • EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt. • EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB 1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos. • EPVAB 1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. • EPVAB 1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. • EPVAB 2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt. • EPVAB 2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado. • EPVAB 2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe. • EPVAB 3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.
CAA	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. • EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. • EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos. • EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. • EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.

	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva. • EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. • EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor. • EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. • EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoídes, segundo os diámetros coñecidos.
CD	<ul style="list-style-type: none"> • EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas. • EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado. • EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.

3 OBXECTIVOS.

3.1 Obxectivos xerais.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a

violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2 Concreción dos obxectivos para o curso.

- Os obxectivos do curso serán os mesmos do curso de 1º pero con un maior nivel de abstracción e razoamentos mais formais.
- Analizar e comprender os elementos básicos que interveñen no proceso de comunicación visual.
- Coñecer e utilizar desde un punto de vista fundamentalmente expresivo os elementos visuais básicos.
- Traballar no trazado de formas planas sinxelas.
- Coñecer os fundamentos básicos da mestura de cores.
- Coñecer o concepto de forma.
- Traballar sobre diferentes relacións posibles entre formas e a súa expresividade.
- Recoñecer os distintos sistemas de representación.
- Realizar exercicios de comprensión do que significa o espazo.
- Estudar e extraer conclusións partindo de imaxes artísticas e estímulos visuais diversos.
- Aplicar e relacionar os coñecementos aprendidos na materia con contidos doutras áreas.
- Percibir e interpretar as imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaxinación.
- Considerar e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto,

conservación e mellora, enfatizando as manifestacións propias da cultura galega.

- Aplicar a linguaxe plástica e visual noutras áreas do currículo, establecendo relacións cos demais linguaxes buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.
- Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
- Estimular a expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, a orixinalidade e a análise das representacións obxectivas ou subxectivas, individuais ou colectivas.
- Valorar a importancia da linguaxe visual e plástico como medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhibicións e, polo tanto, axuda ao benestar persoal.
- Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástico distintos do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.
- Participar en actividades de grupo planificando individual e conxuntamente as fases do proceso para adecualas aos fins que se pretenden conseguir. Adoptar actitudes de flexibilidade, solidariedade, tolerancia e interese, superando prexuízos e rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo e o afán de superación que supón o proceso creativo.
- Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

4 CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR.

4.1 Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clabe por estándar.

Criterios de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	Temporalización (trimestres)			CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
			T 1	T 2	T 3		
EPVA-B1.1	3º-EPVAB1.1.1 - Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.	Organiza unha imaxe aplicando máis dun criterio compositivo con intencións comunicativas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CAA
EPVA-B1.1	3º-EPVAB1.1.2 - Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	Desenvolve un proxecto de deseño identiicando cada unha das partes do proceso.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Diario de clase.	CSIEE
EPVA-B1.2	3º-EPVAB1.2.1 - Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	Reflexiona sobre o seu proxecto identificando cada unha das partes do proceso.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Caderno de clase.	CSIEE

EPVA-B1.3	3º-EPVAB1.3.1 - Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosque-xos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	Identifica os niveis de iconicidade da imaxe. Elabora imaxes, partindo dun modelo, cun nivel de iconicidade menor.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC
EPVA-B1.4	3º-EPVAB1.4.1 - Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.	Realiza variacións dunha mesma composición empregando un programa de retoque de imaxes, modificando as cores e xogando con harmonías e contrastes.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSIEE
EPVA-B1.4	3º-EPVAB1.4.2 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Xoga coas harmonías cromáticas como recurso para representar o volume nunha composición.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSC
EPVA-B1.4	3º-EPVAB1.4.3 - Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	Coñece e aplica a simboloxía da cor nas súas composicións cunha finalidade expresiva.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSIEE
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.1 - Utiliza con propiedade as técnicas	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CCL

	gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.	aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.				INSTRUMENTOS: Diario de clase.	
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.2 - Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.	Elabora composicións creando o claroscuro, polo menos con catro tons diferentes da mesma cor, empregandol apis de grafito e de cor.	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.3 - Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.4 - Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles	Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CAA

	para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.	tridimensionais.					
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.5 - Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.	Crea composicións partindo de formas abstractas e figurativas de papel recortado.	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSIEE
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.6 - Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	Incorpora materiais de refugallo ás súas composicións valorando a expresividade e a estética dos mesmos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CSC
EPVA-B1.5	3º-EPVAB1.5.7 - Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CSC
EPVA-B2.1	3º-EPVAB2.1.1 - Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	Identifica os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.</p>	CAA
EPVA-B2.2	3º-EPVAB2.2.1 - Identifica	Identifica as leis da Gestalt en	X			<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das</p>	CSC

	e clasifica ilusi3ns 3pticas segundo as leis da Gestalt.	imaxes e ilusi3ns 3pticas.				produci3ns dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	
EPVA-B2.2	3º-EPVAB2.2.2 - Deseña ilusi3ns 3pticas baseándose nas leis da Gestalt.	Elabora unha ilusi3n 3ptica aplicando os principios da Gestalt.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das produci3ns dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Produci3ns plásticas.	CCEC
EPVA-B2.3	3º-EPVAB2.3.1 - Elabora unha animaci3n con medios dixitais e/ou anal3xicos.	Elabora unha animaci3n sinxela partindo de vaías imaxes fixas creadas con GIMP.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das produci3ns dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Produci3ns plásticas.	CD
EPVA-B2.4	3º-EPVAB2.4.1 - Distingue significante e significado nun signo visual.	Distingue significante e significado nun signo visual.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das produci3ns dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	CCL
EPVA-B2.5	3º-EPVAB2.5.1 - Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das produci3ns dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de Campo. Proba aberta. Caderno de clase.	CCL
EPVA-B2.5	3º-EPVAB2.5.2 - Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significaci3n, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	Analiza unha imaxe e interpreta o seu significado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das produci3ns dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	CCEC
EPVA-B2.6	3º-EPVAB2.6.1 - Identifica	Identifica encadramentos e puntos		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das	CCL

	encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	de vista nunha fotografía.				produccións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	
EPVA-B2.6	3º-EPVAB2.6.2 - Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD
EPVA-B2.7	3º-EPVAB2.7.1 - Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	Cofece as fases na elaboración dun produto visual desde a preproducción ata as postproducción.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Diario de clase.	CCL
EPVA-B2.8	3º-EPVAB2.8.1 - Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	Realiza unha análise visual básica dunha imaxe gráfica e audiovisual.		X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	CSC
EPVA-B2.9	3º-EPVAB2.9.1 - Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	Elabora o deseño dun cartel publicitario.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCL
EPVA-	3º-EPVAB2.10.1 -	Analiza fotogramas de obras			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das	CCEC

B2.10	Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	mestras do cine a partires do plano. Recoñece obras mestras do cine a través de fotogramas.				producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba aberta. Caderno de clase.	
EPVA-B2.11	3º-EPVAB2.11.1 - Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	Manexa con autonomía programas de maquetación e edición para elaborar presentacións e vídeos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CD
EPVA-B3.1	3º-EPVAB3.1.1 - Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	Cofece e define os lugares xeométricos básicos.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCI
EPVA-B3.2	3º-EPVAB3.2.1 - Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CAA
EPVA-B3.3	3º-EPVAB3.3.1 - Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.	CMCT

	lados, coñecendo o lado.					INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	
EPVA-B3.4	3º-EPVAB3.4.1 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Comprende e resolve os casos de tanxencia entre circunferencias seguindo apuntamentos propios.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
EPVA-B3.4	3º-EPVAB3.4.2 - Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	Comprende e resolve os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas seguindo apuntamentos propios.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CA
EPVA-B3.5	3º-EPVAB3.5.1 - Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	Coñece o método de construción do óvalo e trázao seguindo apuntamentos propios.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
EPVA-B3.6	3º-EPVAB3.6.1 - Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	Coñece o método de construción do óvalo e dos ovoides e trázalos seguindo apuntamentos propios.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CSIEE
EPVA-B3.7	3º-EPVAB3.7.1 - Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	Constrúe correctamente espirais de dous centros.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
EPVA-B3.8	3º-EPVAB3.8.1 - Executa	Realiza un deseño modular sinxelo		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CD

	deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	a partires dunha rede e un módulo.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	
EPVA-B3.9	3º-EPVAB3.9.1 - Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	Comprende o concepto de proxección e aplica as bases do sistema diédrico na representación de figuras sinxelas. Interpreta figuras sinxelas a partires das vistas ortogonais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
EPVA-B3.10	3º-EPVAB3.10.1 - Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	Representa volumes sinxelos en perspectiva cabaleira aplicando o coeficiente de redución indicado.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CMCT
EPVA-B3.11	3º-EPVAB3.11.1 - Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	Realiza isometrías de volumes sinxelos sin curvas.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Resolución de exercicios e problemas.	CCEC

A organización dos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe por temas e proxectos concrétese con detalle na programación de aula desta materia.

5 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

A natureza desta materia é fundamentalmente práctica, baseada na experimentación persoal, polo tanto a metodoloxía empregada ten que ser unha metodoloxía activa e participativa, na que o alumnado, partindo da súa experiencia persoal, vaia adquirindo os coñecementos propios da materia e desenvolvendo as diferentes competencias clave.

Tamén será inclusiva e terá en conta a diversidade do alumnado para iso aplicarase o **modelo SEM** de enriquecemento do currículo, que incorpora as metodoloxías de **aprendizaxe cooperativa**, de **aprendizaxe baseada no pensamento** e a **aprendizaxe por proxectos**, coa finalidade de mellorar a aprendizaxe, favorecer a integración e a solidariedade entre o alumnado do grupo, desenvolver un pensamento crítico e fomentar a autonomía persoal.

Partirase dos coñecementos previos do alumno, determinados mediante unha avaliación inicial, para ir afondando e construíndo os contidos de cada unidade didáctica, e dicir, partir do máis concreto para rematar no coñecemento xeral.

Cada unidade afrontarase comezando con exercicios prácticos moi concretos, aos que lles seguirá unha reflexión en grupo, tratando de que o alumno sexa o protagonista, na que se esmigallarán os diferentes contidos da unidade traballando sobre a análise dos exercicios prácticos.

Ao remate de cada unidade, en grupo, farase un mapa conceptual dos contidos tratados. E por último realizarase unha proba que combinará exercicios teóricos e prácticos, para determinar o grao de comprensión da unidade e o nivel de execución de cada alumno/a.

Nesta materia non se traballa con libro de texto polo que todos os contidos teóricos e recursos documentais estarán a disposición do alumnado a través da aula virtual da materia.

Durante as primeiras semanas de clase adicarase un tempo de cada sesión a que o alumnado se familiarice co manexo da aula virtual. En todas as udis/proxectos desenvolveranse, ademais, tarefas e actividades nas que se precisen ferramentas e recursos dixitais, coa finalidade de que o alumnado estea preparado para continuar coa aprendizaxe online se a situación o requirise.

5.1 Adaptacións metodolóxicas para un ensino semipresencial.

Nesta situación combinaríanse as estratexias propias do ensino presencial co do ensino online. A aula virtual sería a principal vía de fonte de recursos e de transmisión dos

contidos. Empregaríase a metodoloxía da aula invertida onde as clases presenciais servirían para reforzar as aprendizaxes e solucionar os problemas e dificultades coas que se atope o alumnado durante o proceso. As actividades propostas dentro de cada proxecto terán un carácter fundamentalmente práctico e estarán orientadas a fomentar a autonomía do alumnado.

En caso de confinamentos concretos dalgúns alumnos/as, sen que afecte ao grupo na súa totalidade, manterase comunicación con estes/as e as súas familias a través das plataformas Abalar Móbil, correo electrónico e videoconferencia.

5.2 Adaptacións metodolóxicas para un ensino non presencial.

Se as circunstancias obrigan a suspender as clases presenciais o proceso de ensino-aprendizaxe continuaría a través da aula virtual da materia. Ao igual que nos anteriores escenarios o alumnado podería acceder aos contidos conceptuais a aos diferentes recursos de xeito online.

Fariase unha proposta de traballo semanal ou quincenal, dependendo dos estándares que se traballasen. As tarefas e as actividades propostas serían prácticas cun enfoque competencial.

A comunicación co alumnado e as súas familias realizaríase a través das plataformas Abalar Móbil, videoconferencia e o correo electrónico.

Paralelamente faríase un seguimento persoal de cada alumno/a mantendo comunicación como mínimo unha vez por semana a través de videoconferencia, en grupos reducidos de 7 alumnos/as como máximo, tamén se desenvolverían titorías individuais con aqueles alumnos/as que o precisaran, co obxectivo de acompañar, motivar e axudar a superar as dificultades académicas e persoais que foran xurdindo ao longo do proceso.

Manteríase comunicación semanal co equipo docente, en especial cos titores/as de cada grupo a través das canles que establecesen a xefatura de estudos e a dirección do centro.

5.3 Materiais e recursos didácticos.

- Material da aula de Plástica. Materiais específicos aportados polo departamento: material de gravado, de revelado fotográfico, pinturas para tela, barro e pastas de modelado e de papel, etc... (Aplicando os protocolos de limpeza e desinfección establecidos nas normas de uso do material da aula).
- Material bibliográfico relacionado coa materia. Biblioteca de aula. (Aplicando os

protocolos de limpeza e desinfección establecidos nas normas de uso do material da aula).

- Aula Virtual da materia.
- Recursos dixitais e audiovisuais (DVD documentais, CD- ROM, CD de audio, presentacións, Internet, pizarra dixital, aplicacións e software para a creación de contidos audiovisuais).

5.4 Espazos.

- Aula do grupo.
- Aula de plástica.
- Biblioteca.

6 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para determinar a cualificación nesta materia ó final de cada trimestre, os distintos aspectos valorados se englobarán en tres apartados.

No primeiro valorarase o traballo individual a través da corrección e cualificación das actividades realizados en cada udi/proxecto, terase en conta especialmente o traballo realizado na aula. En cada actividade avaliarase unha serie de estándares, na programación de aula estará recollida a concreción dos estándares para cada actividade e o peso asignado na cualificación da mesma. Cada actividade terá unha cualificación do 1 ó 10, a continuación farase media de todas as actividades realizadas e a nota obtida suporá o 50% da cualificación do trimestre.

No segundo apartado valorarase a nota obtida na proba que se realizará ao rematar cada unidade didáctica. Na programación de aula estará recollida a concreción dos estándares que se avaliarán en cada proba e o peso asignado na cualificación para cada un deles.

Cando esta proba teña unha avaliación negativa realizarase unha recuperación da mesma. Farase a media das notas obtidas nas probas realizados ao longo do trimestre, o que suporá o 40% da cualificación do trimestre.


No terceiro valorarase, mediante a observación sistemática recollida no caderno do profesor, os seguintes aspectos: puntualidade na entrega das actividades, interese, participación, traballo en grupo, coidado do material. Unha avaliación positiva neste apartado supón un 10% da nota do trimestre.

Para recuperar un trimestre con avaliación negativa o alumno deberá realizar unha serie de actividades propostas pola profesora, debendo obter unha nota mínima de 5 na media de todas as actividades e realizar a proba de fin de unidade (en caso de non tela superada) e obter unha nota mínima de 5 na mesma.


Ao rematar o curso a nota final establecerase facendo a media entre as notas dos tres trimestres.

6.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos	Peso (gráfico 1)	Instrumentos	Peso (gráfico 2)
Análise das producións do alumnado.	50%	Producións plásticas.	35%
		Resolución de exercicios e problemas.	5%
		Investigacións.	4%
		Caderno de clase do alumno/a.	6%
Probas específicas.	30%	Proba aberta.	15%
		Resolución de exercicios e problemas.	15%
Observación sistemática.	20%	Diario de clase do profesor/a.	10%



- Análise das producións do alumnado.
- Probas específicas
- Observación sistemática



- Producións plásticas
- Resolución de exercicios e problemas
- Investigacións
- Caderno de clase
- Proba aberta
- Resolución de exercicios e problemas
- Diario de clase

6.2 Avaliación final.

Deberá realizar a avaliación final o alumnado que teña dous ou os tres trimestres con avaliación negativa.

Constará de dúas partes:

- A realización dunha proba escrita na que se avaliarán os estándares pendentes non superados polo alumno/a nas avaliacións previas. A cualificación da proba obterase mediante a media ponderada dos estándares avaliados e suporá o 40% da nota da avaliación final.
- Entrega dos traballos que non se entregaron ao longo do curso e repetición dos traballos con avaliación negativa. Farase a media das notas obtidas en cada traballo e suporá o 60% da nota da avaliación final.

6.3 Avaliación extraordinaria.

Consistirá na realización dunha proba de carácter mixto que combine preguntas obxectivas, preguntas abertas, resolución de exercicios e problemas, e a realización de producións plásticas segundo as instrucións marcadas.

7 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE.

7.1 Indicadores de logro do proceso de ensino.

	Escala			
	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.				
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				

Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

7.2 Indicadores de logro da práctica docente.

	Escala			
	1	2	3	
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase o traballo individual e en equipo.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

8 ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumno/a que promocióne de curso coa materia pendente poderá recuperala durante o transcurso do seguinte curso mediante realización dun programa de actividades acordado co alumno/a a principio de curso. Nel estableceranse as actividades a realizar e a



temporalización da entrega das mesmas, e levarase a cabo por parte da profesora da materia un seguimento mensual da evolución do traballo.

O alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 ao facer a media das cualificacións de cada unha das actividades programadas. A nota obtida suporá o 60% da cualificación final.

No mes de maio realizarase unha proba escrita, con preguntas obxectivas, preguntas abertas e con exercicios de xeometría. Esta nota suporá o 40% da cualificación final.

9 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Fundamental para coñecer a situación do alumno ao comezo do curso. Será unha proba na que se combinen unha serie de preguntas teóricas coa realización dunha composición gráfica.

Realizarase a comezos do mes de outubro.

Os aspectos avaliados serán: a capacidade de expresión artística, o nivel de creatividade, o sentido estético, o nivel de utilización dos materiais e a capacidade de observación, a comprensión lectora e a expresión escrita.

Os resultados obtidos polo alumnado nesta proba servirán para establecer o punto no que se atopa cada alumno/a con respecto á materia, e constituirán unha fonte de información que axudará a axustar e adecuar a metodoloxía de traballo a cada caso particular. Tamén servirán, mediante unha comparativa cos resultados finais, para rexistrar a evolución do alumno/a.

10 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

10.1 Medidas ordinarias.

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno, como traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos.
- Diferenciación curricular.
- Adaptación dos tempos e os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programa específico para alumnado repetidor da materia.
- Materiais e recursos didácticos diferenciados.



10.2 Medidas extraordinarias.

- Adaptacións curriculares na materia.
- Coordinación co especialista en Pedagogía Terapéutica (intervención dentro e fóra da aula) e coa orientadora do centro.

10.3 Actividades de reforzo e ampliación.

En función do grao de comprensión, están previstas en cada unidade unha serie de actividades de reforzo para aqueles alumnos que amosen dificultades. Están clasificadas en función do obxectivo a acadar: desenrolo da creatividade, manexo dos instrumentos, materiais e técnicas, desenrolo da conexión óculo-manual, desenrolo da retentiva e a memoria visual, comprensión e abstracción do tridimensional...

Pola contra tamén están previstas actividades de ampliación para aqueles alumnos que superan o nivel medio do grupo, permitíndolle ao alumno a elección do grao de dificultade.

10.4 Modelo do Plan de Reforzo.

Datos do alumno		
Apelidos:		Nome:
Curso/ grupo:		Data nacemento:
Datos de escolarización anteriores significativos:		

Materias que precisan reforzo educativo, temporalización e responsables				
Materia	Nome da materia	Temporalización		Profesorado implicado
		Data inicio do reforzo	Data prevista final reforzo	

Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual	
Ámbitos a reforzar	
Outras medidas ordinarias (desdoblamento grupos, adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, organización e xestión da aula,..)	



Outras medidas fóra do horario lectivo (PROA,...)	
Aspectos a incidir na entrevista coa familia (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)	
Outros:	

Actuacións no ámbito curricular (materias con reforzo educativo)
Materia:
<ul style="list-style-type: none">▪ Aspectos fortes do alumno sobre os que apoiar a intervención:▪ Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):▪ Especificar o tipo de axuda necesaria (dentro da aula. De forma extraordinaria, fóra):▪ Metodoloxía:▪ Materiais de apoio:▪ Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):
Observacións:

11 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

CL	Comprensión lectora.
EOE	Expresión oral e escrita.
CA	Comunicación audiovisual.
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación.
EMP	Emprendemento.
EC	Educación cívica.
PV	Prevención da violencia.

11.1 Fomento da lectura. Comprensión lectora. Expresión oral e escrita.

Para o fomento da lectura desenvolveranse actividades que teñen por obxecto traballar a integración das linguaxes literaria e visual: Ilustración de textos literarios, a narración a través da imaxe, o cómic e o estudo e tratamento dos medios de comunicación impresos. Realizaranse tarefas de investigación nas que sexa imprescindible ler documentos de distinto tipo e soporte.

A biblioteca de aula pon a disposición do alumnado material de consulta relacionado coa materia sobre movementos artísticos, períodos históricos e bibliografías de artistas e personaxes históricos, conta tamén con seccións adicadas ao álbum ilustrado, libros pop-up e libros obxecto.

A expresión escrita traballarase a través da realización de traballos de investigación plasmados en documentos de texto e presentacións de diapositivas.

A expresión oral desenvolverase fomentando a participación oral en actividades de clase (exposicións, argumentacións, discusións, etc...)

11.2 Comunicación audiovisual.

Desenvolveranse actividades relacionadas co tratamento da imaxe dixital e coa creación de contidos audiovisuais, a través do manexo de software de edición e retoque de imaxes (Gimp), maquetación (Inkscape) , edición de vídeo (Openshot video editor e Kdenlive) e audio (Audacity) para a elaboración de podcast.

11.3 Tecnoloxías da información e da comunicación.

Internet supón unha fonte de información e recursos moi valiosa á hora de realizar traballos de investigación. O obxectivo é que alumnado desenvolva un pensamento crítico á hora de realizar unha busca na rede, dotándoo de estratexias para analizar a información recopilada seleccionando a parte útil, relevante e veraz, evitando que se limite a copiar e pegar directamente.

11.4 Emprendemento.

Trátase aquí de adquirir destrezas e habilidades necesarias para conseguir un obxectivo proposto. De adquirir conciencia do obxectivo e planificar o modo de logralo.

Desenvolveranse proxectos persoais e en grupo que traballen os seguintes aspectos:

- Capacidade de análise do alumno, capacidade de planificación e execución das fases de traballo.

- Capacidade de superación dos problemas técnicos, de atopar novas vías .
- Desenvolvemento de habilidades para traballar en grupo.
- Desenvolvemento da creatividade e da imaxinación para a procura de solucións e alternativas.

Debemos traballar polo tanto a creatividade, a imaxinación, o autocoñecemento e a autoestima.

11.5 Educación cívica.

Neste apartado é moi importante que , a través da materia, atopemos a forma de proporcionar aos alumnos os valores que sustentan a vida en común e a cohesión social; Tamén aqueles valores que favorecen : A liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, igualdade, respecto...en definitiva, todos aqueles aspectos que constitúen a base dunha vida en sociedade.

Neste sentido, ademais de crear un ambiente de traballo no aula de aceptación, respecto e confianza que axude ao alumno a construír unha imaxe positiva de si mesmo e propoñer actividades ou traballos en grupo co fin de crear espazos próximos de convivencia, deseñaranse actividades nas que se traballen de forma específica contidos deste elemento transversal.

11.6 Prevención da violencia.

O tratamento da non discriminación quedará asegurado mantendo en clase comportamentos non sexistas e de respecto ao principio de igualdade de oportunidades para as persoas de diferentes razas, relixións, opinións.

Pero non só se trata de desenvolver estas capacidades de tipo intelectual, senón que é fundamental contribuír a que o alumnado desenvolva certas actitudes relacionadas coa valoración e o interese polo medio ambiente e a participación activa na súa conservación e mellora.

Dentro da Educación para a paz hai varios aspectos para tratar, entre os que se atopa fomentar actitudes de respecto cara ás persoas sexa cal for a súa condición social, sexual, racial, crenzas, a solidariedade cos colectivos discriminados, e a valoración do pluralismo e a diversidade.

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Debido ás circunstancias excepcionais nas que se desenvolven este curso académico o departamento programará a realización de varias saídas para visitar exposicións ou coñecer lugares da contorna, tendo en conta sempre as recomendacións sanitarias dentro do contexto da Covid-19.

Tamén se desenvolverán actividades dentro do recinto escolar como charlas e obradoiros relacionados coa materia. O programa de actividades está recollido no PXA.

O departamento de debuxo participará activamente en colaboración co equipo de actividades complementarias e extraescolares na organización e realización das actividades que se desenvolvan no centro durante o curso.

13 APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO.

13.1 Proxecto de centro.

“A volta ao mundo de Magallanes e Elcano por un mundo sustentabel”

Dende hai tres cursos desenvólvese de xeito transversal en todas as etapas educativas o proxecto anual de centro. Neste curso o proxecto xira en torno á conmemoración do 500 aniversario da 1ª volta ao mundo realizada por Magallanes e Elcano.

Dentro do ámbito socio-artístico este proxecto será o fío condutor en torno ao cal se artellarán as diferentes udis/proxectos que estruturarán os contidos e os estándares do currículo da materia para este curso.

En cada udi/proxecto se desenvolverán tarefas que culminarán na creación dun produto socialmente relevante para compartir cos membros da comunidade educativa.

13.2 Proxecto lector.

Para participar activamente no plan de fomento da lectura, o departamento de debuxo incluíu na programación didáctica dos diferentes cursos contidos e actividades que teñen por obxecto traballar a integración de ambas linguaxes, a literaria e a visual. Ilustración de textos literarios, a narración a través da imaxe, o cómic e o estudo e tratamento dos medios de comunicación impresos.

En cumprimento do plan lector establecido non centro adicaranse 25 min á lectura individual en cada grupo segundo o calendario establecido ao principio de curso.

14 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A programación revisarase trimestralmente, e nela se farán axustes referidos á temporalización e á organización dos contidos para que se axuste do xeito máis específico e real posible ás características e á evolución do alumnado.

- Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				



23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións: